

Accesibilidade Universal para un Turismo Sostible

FORMACIÓN 2025

Galicia
destino
sostible



Accesibilidade Universal para un Turismo Sostible



14 e 21 de outubro



10:30 – 12:30



Formación on-line



50 prazas

Inscríbete



Data límite de inscrición
13 de outubro

Esta formación en liña, dirixida ás empresas do **Club Galicia Destino Sostible**, ten unha duración total de 4 horas, divididas en dúas sesións. O seu obxectivo principal é capacitar ás e aos profesionais do sector turístico galego na creación de contornas e servizos que promovan a accesibilidade universal, cun enfoque especial na accesibilidade cognitiva.

A formación busca facilitar a participación plena das persoas con discapacidade intelectual e do desenvolvemento no turismo, mellorando a súa experiencia e a das súas familias, ao tempo que se amplía o mercado potencial para os negocios.

Accesibilidade Universal para un Turismo Sostible

O contido está estruturado en módulos que abordan os seguintes temas:

- **A Accesibilidade Universal como Motor de Sostibilidade:** Explícanse os diferentes tipos de accesibilidade (física, sensorial e cognitiva) e analízase como a accesibilidade contribúe á sostibilidade e aos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS).
- **Marco Normativo e Boas Prácticas:** Révisase a lexislación vixente en accesibilidade e preséntanse guías e estándares recoñecidos.
- **Aplicación Práctica en Empresas Turísticas:** Ofrécense ferramentas prácticas como a Lectura Fácil e os pictogramas para adaptar a comunicación e os servizos. Tamén se inclúen pautas de atención ao cliente e exemplos de boas prácticas aplicadas a aloxamentos, restaurantes e axencias de viaxe e empresas que prestan experiencias turísticas.

Accesibilidade Universal para un Turismo Sostible

Que conseguirás con esta formación?

- **Diferenciación competitiva:** Atrae a un público máis amplo e fideliza á clientela ao ofrecer un servizo de calidade que pensa en todas as persoas.
- **Mellora da experiencia da clientela:** Aprende a comunicarte de maneira máis efectiva e a adaptar os teus servizos para reducir a confusión e aumentar a satisfacción.
- **Cumprimento da normativa:** Anticípate aos requisitos legais e éticos do turismo accesible, posicionando a túa empresa como un referente no sector.
- **Impacto social positivo:** Contribúe a unha sociedade máis inclusiva, demostrando o compromiso da túa empresa cos valores da diversidade e da equidade.

Accesibilidade Universal para un Turismo Sostible

ErrazTEA (errazten.apnabi.eus) é un servizo para empresas públicas e privadas que avalía se os seus espazos, servizos e soportes comunicativos son doados de entender e amigables para as persoas con discapacidade intelectual e/ou autismo, así como para outro tipo de dificultades da linguaxe ou cognitivas. Ademais, deseñamos solucións e realizamos adaptacións para que se cumpra a normativa vixente sobre accesibilidade cognitiva: **Lei 6/2022, do 31 de marzo, sobre os dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social** e **Lei 15/2022, do 12 de xullo, para a igualdade de trato e non discriminación**.

Dentro dos servizos que prestamos, atópanse os seguintes:

- Avaliamos a **accesibilidade de espazos** para que sexan accesibles e comprensibles.
- **Facemos adaptacións e validamos a lectura fácil** en 2 idiomas: éuscaro e castelán.
- Damos a coñecer a **accesibilidade cognitiva** e a discapacidade intelectual e/ou autismo impartindo formación.
- Facemos propostas para crear **espazos amigables** para as persoas con **autismo**.

Accesibilidade Universal para un Turismo Sostible

A formación será impartida polo equipo de profesionais de **ErrazTEA**. O equipo está especializado en accesibilidade, cun enfoque particular na accesibilidade cognitiva e na inclusión de persoas con discapacidade intelectual e do desenvolvemento, incluíndo o Trastorno do Espectro do Autismo (TEA). Contan con experiencia na adaptación de espazos, servizos e comunicación para facelos máis doados de entender e utilizar por todas as persoas.

Accesibilidade Universal para un Turismo Sostible

Relatora

Maider Ugarte Pérez



Diplomada en Educación Social e experta en accesibilidade cognitiva.

Amplia traxectoria no ámbito da discapacidade e na accesibilidade universal e deseño para todas as persoas.

Coordina o servizo **ErrazTEA** e é responsable do servizo de atención diúrna de **Apnabi Autismo Bizkaia**.

Accesibilidade Universal para un Turismo Sostible

Relator

Álvaro Fernández San Nicolás



Experto en equipos de validación, Lectura Fácil e contornas accesibles.

Amplia traxectoria impartindo formación en accesibilidade, discapacidade e accesibilidade laboral.

Actualmente traballa no servizo ErrazTEA como validador da accesibilidade cognitiva.

Galicia
destino
sostible



info@galiciadestinosostible.com



www.galiciadestinosostible.com



(+34) 881 50 51 02